

3 DE DICIEMBRE. DÍA INTERNACIONAL DA DISCAPACIDADE

A Electrohipersensibilidade (EHS): a cara ignorada da discapacidade.

Unha discapacidade desatendida que produce grave discriminación e violación sistemática de dereitos fundamentais a quen o sofren.

As persoas afectadas pola EHS en Europa esixen o seu recoñecemento oficial como **enfermidade ambiental e discapacidade funcional**, co fin de garantir unha protección adecuada e igualdade de oportunidades ás persoas que a sofren, tal e como xa demandou no 2009 o Parlamento Europeo aos seus Estados membros.

Con motivo da celebración do Día Internacional da Discapacidade (3 de decembro), a Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electro Magnética - PECCCEM (www.pecccem.org), quere denunciar ante a opinión pública a inacción institucional do Estado Español fronte ás peticións proteccionistas do colectivo de persoas EHS realizadas desde Europa, levándolle a unha situación de falta de visibilidade, exclusión, marxinación, baleiro legal e desprotección.

A EHS está producida pola contaminación electromagnética xerada polas tecnoloxías móbiles e sen fíos: antenas de telefonía e radiotelecomunicacións, teléfonos móbiles e sen fíos (DECT), tablets, Wi-Fi, os novos contadores intelixentes instalados polas compañías eléctricas, ou os vixía-bebés. As persoas afectadas vense obrigadas a evitar estas fontes de radiacións, podendo sufrir o abandono da súa vivenda, a perda do seu traballo e a falta de accesibilidade aos servizos públicos básicos (sanidade, educación, transportes, ...), o que se traduce nunha situación de profunda desigualdade.

Na actualidade, a electrohipersensibilidade afecta xa a un 3-5% da poboación en Europa e calcúlase que, si non se toman medidas protectoras, no ano 2020 afectará ao 50% da poboación (<http://www.avaate.org/spip.php?article2336>).

A Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa, institución de referencia na defensa dos dereitos humanos, recomendou aos Estados membros na súa Resolución 1815 ([http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Instituciones Europeas/Resolucion_A.P.Consello.Europa.27.05.11.pdf](http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Instituciones_Europeas/Resolucion_A.P.Consello.Europa.27.05.11.pdf)) prestar especial atención ás persoas EHS, afectadas por unha síndrome de intolerancia aos campos electromagnéticos e establecer medidas especiais para protexelas, incluída a creación de “zonas brancas” non cubertas polas redes sen fíos.

O Parlamento Europeo na súa Resolución de 2 de abril de 2009, sobre as consideracións sanitarias relacionadas cos campos electromagnéticos (<http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Parlamento%20Europeo/Informe%2023.02.2009gal.pdf>), á cal adheríronse os Parlamentos Navarro e Vasco e concellos como o de Donosti, pediu aos Estados membros que sigan o exemplo de Suecia e recoñezan como unha discapacidade a hipersensibilidade eléctrica, co fin de garantir unha protección adecuada e igualdade de oportunidades ás persoas que a sofren.

Colectivos de persoas EHS de España e Francia consensuaron unha carta de reivindicacións (http://www.pecccem.org/DocumentacionDescarga/ElectroHiperSensibilidad/EHS_Lette_to_EE_SC_04_11_2014_DEF.pdf) á que se adheriron outros 15 colectivos EHS de toda Europa co apoio de organizacións de loita contra a contaminación electromagnética de 11 países europeos (como o propio grupo de coordinación da PECCCEM), e que remitiron ao Grupo de Traballo sobre EHS



do Comité Social e Económico da UE, na que esixen que a síndrome de EHS sexa recoñecido oficialmente en Europa e os estados membros como “enfermidade ambiental” e “discapacidade funcional”.

Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electro Magnética (PECCEM)